

# V FORO DE CAPACITACIÓN sobre POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO Compromiso, Coordinación, Causas e Oportunidades para unha inclusión activa

Facultade Filosofía USC • Santiago de Compostela, 24 de Novembro de 2015

O **V Foro** pretende continuar o traballo comezado nas anteriores edicións e contribuír á capacitación das persoas asistentes en aspectos relacionados coa inclusión activa e o acceso a recursos de calidade, ademais de visibilizar á realidade da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia e a importancia que o Terceiro Sector e o voluntariado teñen na implantación de políticas de inclusión social activa. • Partindo das conclusións e demandas dos Encontros de Participación de persoas en risco de pobreza ou exclusión, este V Foro pretende profundar en cómo mellorar o compromiso social e político, a coordinación entre administracións e co terceiro sector e a inclusión activa loitando contra as causas da pobreza. Sempre favorecendo o debate en positivo de propostas que melloren a actuación en procesos de inclusión social e dar a coñecer experiencias de éxito. • Cun enfoque práctico, o Foro non é un encontro pechado a EAPN España e a EAPN Galicia, senón que ten como principio básico o fomento do traballo en rede xunto ás federacións representativas do Terceiro Sector galego e a organizacións e institucións significativas. A organización coa Coordinadora Galega de ONGD ou o CERMI Galicia e a colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC así o demostra. • A asistencia de persoas voluntarias, moitas de elas en risco de pobreza e exclusión, favorece unha interlocución positiva con poñentes de organizacións sociais, colexios profesionais, universidade ou administracións públicas galegas especializadas na loita contra a pobreza ou na promoción dos servizos sociais e a inclusión activa, así como un mellor coñecemento e implicación do voluntariado nas causas que lles motivan.

## Martes 24 de novembro

### 9.15 RECEPCIÓN

**9.45 INAUGURACIÓN: Compromiso, coordinación e causas**  
EAPN Galicia, CERMI Galicia, Coordinadora ONGD.  
Decano Facultade Filosofía.

**10.00 DIÁLOGO. Persoas que participan. Esiximos compromisos e feitos, non palabras**  
YOSEHANNA LEDESMA e JAVIER PÉREZ GARCÍA. Grupo de Participación EAPN Galicia.

**10.45 CONFERENCIA: Problemas e retos na loita contra a pobreza e a exclusión social en España**  
CARLOS SUSÍAS. Presidente EAPN España. Vicepresidente Plataforma Tercer Sector.

### 11.30 PAUSA

**11.45 CONFERENCIA: Claves para unha coordinación efectiva entre administracións e organizacións sociais**  
ANTONIO FERNÁNDEZ MORO. Director Técnico de Acceso a los Servicios Sociales. Junta Castilla y León.

### 12.30 DIÁLOGO. Compromiso e coordinación na loita contra a pobreza?

- AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ. D.X. Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Xunta de Galicia.
- MANUEL REQUEIJO. Alcalde Muras (Lugo).
- MARIA SOFÍA GODOY GÓMEZ-FRANQUEIRA. Concelleira Servizos Sociais Ourense.
- CONCHA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde. Santiago.
- ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Concelleira Servizos Sociais Lugo.
- SILVIA CAMEÁN CALVETE. Concellaría de Xustiza Social e Coidados. A Coruña.
- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. (Pendente confirmar)

### 13.30 AGORA DO TERCEIRO SECTOR

Propostas innovadoras de ONG ou organizacións da economía social, que poidan ser replicadas, significar unha mellora para outras entidades ou ampliar o traballo en rede. Ver programa.

### 15.00 PAUSA XANTAR

### 16:00 TALLERES SIMULTÁNEOS:

- **Retos para unha RISGA efectiva: clamando por un Decreto**
  - Grupo RISGA EAPN Galicia.
  - ISABEL PELLICER. Subdirectora Xeral Inclusión. Xunta de Galicia.
  - MARTA CAPEÁNS. Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.
- **Inclusión e emprego: Unha relación imposible?**
  - XOSÉ ALBERTE CEA (Orientador laboral).
  - MARÍA MANCEBO (EAPN Galicia - Secretariado Xitano).
  - ANA MARTÍNEZ (EAPN Galicia - Down Galicia).
  - SIMO DEIBE (EAPN Galicia- IGAXES3).
  - CHUS LAGO. Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.
- **Máis soas que nunca?: Pobreza e exclusión en familias monomarentais:**
  - VIOLETA ASSIEGO. Analista, investigadora y abogada.
  - ESTEFANÍA LEMA MOREIRA. Educadora Social e integrante de Abeira, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias.
  - CARMEN FLORES RODRÍGUEZ. Presidenta Federación de Asociaciones de Madres Solteras.
  - Cáritas Interparroquial Santiago. Programa Familias Monoparentais.

### 18:00 FIN XORNADA

\*Máis información: [info@eapn-galicia.com](mailto:info@eapn-galicia.com) • **#pobrezagalicia**

**EAPN - REDE GALEGA DE LOITA CONTRA A POBREZA** [www.pobrezagalicia.org](http://www.pobrezagalicia.org) • [www.eapn.es](http://www.eapn.es)  
**COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO** [www.galiciasolidaria.org](http://www.galiciasolidaria.org)  
**CERMI GALICIA. Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia**

#### Organizan



#### Subvenciona



#### Colaboran

